



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DE FAMILIAS DO CONCELLO DE MAÑÓN BENEFICIARIAS DO REPARTO DE LOTES DE ALIMENTOS PERECEDOIROS

1.- INTRODUCCIÓN:

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

No que se refire especificamente ao ámbito educativo, o punto 1.c) do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 prevé a adopción, entre outras, das seguintes medidas: suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os servizos educativos complementarios, nomeadamente o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos.

O Congreso dos Deputados autorizou na súa sesión do día 25 de marzo a prórroga do estado de alarma, polo que o alumnado en situación de vulnerabilidade afectado verá agravada a súa situación.

Como consecuencia da devandita suspensión do servizo de comedor escolar, as familias que se atopan en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social (causas que xustifican legalmente a condición de usuario gratuito) deberán asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa, soportando, por esta causa, un custo engadido e imprevisto na economía familiar.

O Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, establece no seu artigo 8 un dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade que se atopan afectados polo peche, ou suspensión, de centros educativos, que se concreta nun dereito a axudas económicas ou á prestación directa de distribución de alimentos. Engade que serán beneficiarias as familias con alumnado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria a quen as comunidades autónomas teñan concedido bolsas ou axudas para o comedor escolar durante o presente curso académico, e a xestión de estas medidas serán levadas a cabo por parte dos servizos sociais de atención primaria en coordinación cos centros escolares e as respectivas consellerías de educación e de servizos sociais das Comunidades Autónomas, Ceuta e Melilla.

**CONCELLO DE MAÑÓN**

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.eswww.manon.es**2.- OBXECTO:**

Garantir a cobertura das necesidades básicas alimentarias ás familias con menores a cargo que se atopen en situación desfavorecida por mor da situación de crise polo COVID-19 e o peche do comedor escolar no municipio de Mañón.

3.- FAMILIAS DESTINATARIAS:

Familias con menores de 16 anos a cargo, susceptibles de especial protección por dificultade social e económica para atender as necesidades básicas dos menores.

4.- REQUISITOS:

As familias destinatarias dos lotes de alimentos deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Que o importe máximo dos ingresos do conxunto das persoas que forman a unidade familiar sexa inferior a 1,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).
2. Computarán os ingresos de calquera natureza que cada membro da unidade familiar percibira durante o mes anterior á data da solicitude para acollerse a este Programa.
3. Que todos os membros da familia estean empadroados no Concello de Mañón no mesmo domicilio tres meses antes da solicitude de alimentos.

6.- DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do DNI/NIF, ou Número de Identidade de Estranxeiro (NIE) da persoa solicitante.
- Fotocopia do Libro de familia ou Título de Familia Numerosa.
- Acreditación dos ingresos da Unidade Familiar correspondentes ao mes anterior á solicitude (Nóminas, Prestación de desemprego, Prestacións Sociais, ou no seu caso unha Declaración xurada dos ingresos).

**CONCELLO DE MAÑÓN**

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.eswww.manon.es**7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

As persoas interesadas presentarán unha solicitude, conforme ao modelo establecido como Anexo I de este Acordo, facendo constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos da convocatoria, e que presentarán a través do correo electrónico correo@manon.es do Concello de Mañón, de 9.00 horas a 14:00 horas, dende o día 6 de maio ate o 12 de maio, ambos incluídos.

A difusión e publicidade desta convocatoria pública realizarase a través de páxina web do Concello (<https://sede.manon.es/>), Bando municipal, e da rede social OMIX Mañón, sen prexuízo de que poida facerse uso de outros medios auxiliares ou complementarios ao efecto.

8.- PROCESO SELECTIVO:

Recibidas as solicitudes, os servizos sociais do Concello de Mañón comprobarán o cumprimento dos requisitos esixidos, aos efectos de realizar a valoración e posterior notificación as persoas beneficiarias.

9.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN:

A baremación das solicitudes realizarase de acordo co establecido neste apartado, tendo en conta os requisitos e as prioridades establecidas nestas Bases para a Unidade Familiar. Entendendo por Unidade Familiar a constituída pola persoa solicitante e, no seu caso, o cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito e os fillos e fillas de un ou do outro, así como as persoas suxeitas a tutela, garda ou acollemento familiar que residan na mesma vivenda.

A puntuación de cada un dos criterios de avaliación levarase a cabo sobre a base da información aportada na solicitude e nos documentos presentados.

INGRESOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR (máximo de 5 Puntos)

De 0 a 1 vez o IPREM (548,60 €/mes): 5 puntos

De 1 a 1,5 veces o IPREM (822,90 €/mes): 3 puntos

CARGAS FAMILIARES (máximo de 5 Puntos)

Familia Numerosa: 5 puntos

Unidade Familiar con 2 fillos/as a cargo: 4 puntos

Unidade Familiar con 1 fillo/a a cargo: 3 puntos

**CONCELLO DE MAÑÓN**

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.eswww.manon.es**10.- PROPOSTA DE CONCESIÓN**

Trala finalización do prazo de presentación das solicitudes, xunto cos documentos que acrediten reunir as condicións necesarias para ser beneficiarios/as dos lotes de alimentos, os Servizos Sociais procederán á revisión das mesmas, dando un prazo de 5 días, contados a partir do requirimento, para que se emende a documentación presentada.

Quen dentro do prazo fixado e, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, non presentasen a documentación ou carecen de todos ou algún dos requisitos sinalados, quedará excluída a súa solicitude.

Unha vez finalizada a baremación de solicitudes, remitirase ao Alcalde a proposta das familias beneficiarias dos alimentos para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e posterior notificación as persoas interesadas.

No caso das solicitudes coa mesma puntuación, procederase ao desempate tendo en conta a data e número de rexistro de entrada da solicitude no Concello.

**CONCELLO DE MAÑÓN**

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.eswww.manon.es

ANEXO I - SOLICITUDE

DATOS UNIDADE FAMILIAR:

Nome e apelidos da persoa solicitante. Pai/nai ou titores:

1. _____, DNI/NIE: _____

Domicilio: _____ Tel.: _____

Nome e apelidos do cónxuxe ou parella que forma parte da unidade familiar:

1. _____, DNI/NIE: _____

Nome e apelidos dos fillos/fillas e data de nacemento:

1. _____, data nacemento: _____

2. _____, data nacemento: _____

3. _____, data nacemento: _____

4. _____, data nacemento: _____

• N.º total de membros da unidade familiar: _____

Indicar dispoñibilidade de almacenamento de alimentos perecedoiros en conxelador:

• Capacidade en litros/kilos: _____

Data: _____, de _____ de 2020

Asdo. o/a solicitante: _____

ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Personal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.

[\(Máis información\)](#)



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE:

- DNI/NIE da persoa solicitante / Pai/nai ou titor
- Copia do libro de familia ou Título de Familia Numerosa
- Copia da última nómina de todos os membros da unidade familiar.
- Certificado de prestación ou axudas sociais percibidas por todos os membros da unidade familiar.

OS DOCUMENTOS QUE XA FORAN PRESENTADOS CON ANTERIORIDADE PARA OUTROS TRÁMITES DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NON TERÁN QUE ACHEGALOS DE NOVO, ENTENDENDO QUE COA SOLICITUDE SE AUTORIZA A SÚA CONSULTA:

- DNI/NIE da persoa solicitante / Pai/nai ou titor
- Copia do libro de familia ou Título de Familia Numerosa

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta na base de datos do Concello de Mañón:

- Certificado de empadramento e convivencia dos membros da unidade familiar.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o procedemento de Exercicio de Dereitos da Sede Electrónica.

[\(Máis información\)](#)